

1. Manuel do Campo
cando era pequeno
a primeira moza
deixouna cun neno.
Aí, si, deixouna cun neno...
2. E cando era mozo
foi brañar a Mieres
e chegou a casa
con sete mulleres.
Aí, si, con sete mulleres...
3. E Manuel decía:
–I-eu que vou facer?
as sete mulleres
n'as poido atender-e.
4. E morreulle i-unha
Manuel non ten pena
porque inda lle queda
i-a media docena.
5. E ao pouco tempo
entre unhas e i-outras
de fame e miseria
morréronlle todas.
6. Manuel decía
i-así, deste xeito:
–Eu a dormir solo
non che estou afeito.
7. Tíñache unha burra
tan guapa e tan linda
que a considera
como da familia.
8. Manuel decía
vou a xunto o cura
que si m'autoriza
cásome ca burra.
9. E díxolle o cura:
–Bo ollo te vexa
que eu non che autorizo
a burra na igreia.
10. –Mire, señor cura
non lle é mala sorte
si non é na igreia
cásenos na corte.
11. –Prepara o presebe
para a cerimonia
e ti vai vestido
cunha albarda nova.
12. E dixou Manuel:
–Por eso no hai pena
que non hai casado
qu'albarda non teña.
13. E díxolle o cura:
–P'a cousa ir ben
pergúntalle a burra
si quere tamén.
14. Perghuntoulle a burra
díxolle que non:
–Hai outro máis guapo
na cuadra de Antón.
15. –Eu ben cho conozo:
ese galopín
non creo que seia
máis burro que min-he.
16. E díxolle a burra:
–Non presumas tanto
se non é máis burro
tén outros encantos.
17. –Dame un bico, burra
que eu sei que me queres
e non 'tou disposto
a que me desprecies.
18. Manuel, celoso
e cheio de furia
colleu un cuchillo
e matou a burra.
19. –Adiós, miña burra
miña compañeira
mañán te levaba
co millo á feira.
20. E díxolle a burra:
–Tócate o carallo!
O millo, se queres
lévalo no carro.
21. –A burra morrendo
regañou os dentes
e díxolle adiós
ai, aos seus parentes.
22. A burra morrendo
levantou o rabo
e botaba flores
a Manuel Docampo.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades